

Concello de Viveiro

EXPTE.-8720/2021

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do mércores, 20 de outubro de 2021 N.º 241, publícase a convocatoria polo que se inicia o proceso e se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de emprego para a cobertura temporal, con carácter provisorio as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal, das prazas de monitor/a deportivo/a-socorrista na piscina municipal do Concello de Viveiro.

Vistas as bases e anexo polas que se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de emprego no Concello de Viveiro para a cobertura temporal das prazas de monitor/a deportivo/a - socorrista na piscina municipal.

Vista a base xeral 12, que sinala “ O Tribunal de selección, remitirá á Alcaldía proposta cos aspirantes que superaron o proceso ao obxecto de confeccionar unha lista de emprego de carácter temporal para substitucións dos postos de traballo aos que se adscribe a lista de emprego durante un período de 2 anos. Dita proposta publicárase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no tablón de anuncios dixital...”

Tendo en conta a proposta de selección presentada polo Tribunal no que literalmente dí:

“(...)Á vista da lista dos aspirantes seleccionados, o Tribunal para cumprimento da base xeral 12, propón a seguinte orde de aspirantes para a súa incorporación na lista de emprego para cubrir, con carácter temporal, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan como MONITOR/A DEPORTIVO/A SOCORRISTA, sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal, ante a Alcaldía do Concello de Viveiro.

APELIDOS E NOME	ORDE FINAL
ESCURADO DIEZ ALBERTO	1º
LOPEZ GARCIA MARTIN	2º
TIMIRAO GONZALEZ LARA	3º

...”

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta do Tribunal relativo ao procedemento selectivo para a confección da lista de emprego de carácter provisional, como **Monitor/a Deportivo/a socorrista**, sendo a lista de emprego a seguinte:

APELIDOS E NOME	ORDE FINAL
ESCURADO DIEZ ALBERTO	1º
LOPEZ GARCIA MARTIN	2º
TIMIRAO GONZALEZ LARA	3º

o de Viveiro



Concello de Viveiro

SEGUNDO.- Publicar dita lista de emprego como MONITOR/A DEPORTIVO/A SOCORRISTA no taboleiro de anuncio dixital do Concello de Viveiro e na súa páxina web (www.viveiro.es).

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución ao Técnico de xestión da Piscina Municipal de Viveiro.

Contra a lista definitiva, os seleccionados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa ,
do Real Decreto 128/2018,

Ante min, a Secretario, ós efectos do artigo 3.2

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)



Cod. Validación: 5Z4K239GGFK3S4X9AKWQ2CNH | Corrección: <https://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2